

NOME DA ACTIVIDADE

- **Fala con texto**

TIPO DE ACTIVIDADE

- **ACTIVIDADE DE EXPRESIÓN ORAL E COMUNICACIÓN**

NIVEL

- **B1**
- **B2**

PARTICIPACIÓN NA ACTIVIDADE

- **EN PARELLAS**

DURACIÓN

- **ENTRE 20 E 40 MINUTOS**

CONTIDOS QUE SE TRABALLAN

- Comunicación segundo o contexto.
- Expresións usuais segundo o contexto.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Que o alumnado coñeza os diferentes rexistros segundo o contexto no que nos atopemos.
- Que o alumnado teña coñecemento e recursos lingüísticos para comunicármonos segundo a situación na que nos atopemos.

ORIENTACIÓNS E CUESTIÓNS QUE CÓMPRE TER EN CONTA

- Salvando os apoios lingüísticos que deben utilizar, despois terán liberdade para continuar durante uns intres co que sería a conversa, comentarios ou diálogo.
- Tamén serán moi importantes as orientacións e achegas que poida dar cada participante, pódense sinalar e comentar ao finalizar a actividade.
- Todas as parellas teñen que participar pero sacaremos un par delas aleatoriamente para facer unha posta en común e comentar o resultado.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

O docente debe formar parellas con todos os participantes do grupo. Cada parella recibirá unha tarxeta na que figura un contexto e uns recursos lingüísticos dos que poden botar man.

Cada compoñente da parella debe adoptar un rol e deben desenvolver a situación dramatizándoa segundo a descrición que se fai na tarxeta. Daráselle a cada grupo uns minutos para que prepare a súa intervención, todas as parellas realizarán a actividade pero ao final deixaremos unha ou dúas para que o fagan en público e se poida realizar unha análise común.

MATERIAIS PARA A FICHA

Contexto e apoios lingüísticos

Vas saudar unha familia achegada a ti a quen lle morreu un familiar querido.

- Sentímolo moito...
- Acompáñote no sentimento...
- Uns polos outros, hai que tirar para diante...

Acompañas ao aeroporto unha compañeira que vai traballar ou estudar unha boa tempada fóra, a outro país.

- Boa viaxe e moita sorte...
- Que todo che vaia ben, xa me contarás cando chegues...
- Ten moita conta alí e se necesitas algo xa sabes a onde acudir...

Estás na cola dun comercio e unha persoa ponse diante túa sen mediar aviso...

- Desculpe pero estaba eu diante...
- Ten que perdoar pero esta é a cola, a vostede tócalle despois ca min...
- Señor/a, estase a coar, supoño que sen quere-lo, faga o favor de gardar a cola...

Entras nunha oficina e estás buscando alguén para que te atenda...

- Ola bo día, estou buscando ao señor/a X; teño unha cita con ela...
- Desculpe, traballa aquí a señora X; podería avisala de que estou aquí...
- Podería pasar a falar coa señora X; quedamos para unha entrevista a esta hora...

Chegas á oficina e atopas a túa compañeira que ten sobre a mesa unha carta de despido. Intenta acougala e saber que é o que pasou.

- Síntoo moito, ánimo...
- Non te preocupes, todo se resolverá...
- Como foi, tes que aclaralo...

Vas á festa dunha amiga porque celebra o seu aniversario.

-Feliz aniversario, moitas grazas por convidarme...

Parabéns, desexo que sexan moitos máis.

-Aquí tes o teu regalo, espero que che guste e que o aproveites